



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las acusaciones de abusos sexuales y corrupción del embajador del régimen talibán de Afganistán en el Estado español.

En una reunión a finales de enero de este año, asociaciones y colectivos de refugiados de Afganistán solicitaron al Ministerio de Asuntos Exteriores que procediera a la retirada de la inmunidad diplomática al representante de la Embajada de Afganistán en el Estado español, representante del régimen talibán, Mohammad Rahim Peerzada, con vistas a que se pudiera abrir una investigación sobre las denuncias de abusos sexuales y corrupción.

Sobre Mohammad Rahim Peerzada pesan acusaciones de mujeres refugiadas afganas por delitos sexuales así como por prácticas corruptas, ya que es sospechoso de desviar los ingresos recaudados por la embajada en relación con trámites burocráticos a cuentas particulares. Su inmunidad diplomática, que hace tiempo que debía haberse retirado, lo protege de cualquier investigación.

En febrero de 2021, este señor fue nombrado consejero de la Embajada situada en Madrid, meses antes de que los talibanes derrocaran al Gobierno de Ghani e instaurasen un Estado talibán. El entonces Embajador se marchó, convirtiéndose esta persona de facto en el máximo representante de la Embajada bajo el régimen talibán.

En agosto de 2024, una joven afgana remitió un correo electrónico a la Fiscalía General del Estado en el que informaba de la agresión sexual con sumisión química a la que había sido sometida por parte de la persona identificada como el Embajador de Afganistán. Ella no fue la única, hay testimonios de otras mujeres que relatan hechos similares. De nada sirvió porque en septiembre del año pasado la Fiscalía Provincial de Madrid archivó la denuncia tras comprobar la policía judicial que Mohammad Rahim Peerzada estaba acreditado como consejero de la Embajada de Afganistán y, por tanto, gozaba de inmunidad diplomática.

Finalmente, y tras la presión mediática y de las asociaciones de personas refugiadas afganas, el 22 de marzo el Ministerio de Asuntos Exteriores actualizó su lista oficial del cuerpo



diplomático, suprimiendo el nombre del representante del régimen talibán que hasta el 22 de marzo constaba como embajador extraordinario y plenipotenciario de Afganistán. A principios de este mes de abril, se conoció que Rahim había sido detenido en los EE.UU. tras ser vinculado al intento de asesinato de una periodista.

En teoría, el Gobierno español no mantiene relaciones diplomáticas con el Estado talibán. De hecho, en un acto reciente, el propio ministro de Asuntos Exteriores anunció que el Estado español, junto a otros países, pedirá a la Fiscalía del Tribunal Penal Internacional que investigue los crímenes contra las mujeres y las niñas cometidos por el régimen talibán desde que está en el poder.

En este caso, los hechos demuestran que la reacción del Gobierno español fue tardía y tibia. Si hubieran reaccionado antes, la denuncia presentada por una de las mujeres podría haber tenido recorrido. Resulta paradójico que las mujeres afganas que huyen de un régimen opresor y machista que anula sus derechos y las somete a todo tipo de vejaciones, se encuentren en este tipo de situaciones en el Estado donde han obtenido asilo como refugiadas.

Asimismo, es criticable la posición ambigua que se ha mantenido respecto al Estado talibán, así constituido desde agosto de 2021, que vulnera constantemente los derechos humanos, si bien el Gobierno ha hecho público que «sigue sin plantearse el reconocimiento del régimen talibán», cuando su Embajada sigue operando en territorio español, exigiendo que las personas refugiadas que interactúen con sus representantes que además ocupan una larga cartera de Embajadas en Estados de la UE.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué información puede facilitar el Gobierno sobre las acusaciones de corrupción y abusos sexuales a mujeres afganas refugiadas en el Estado español por parte del hasta ahora embajador del régimen talibán en Afganistán, Mohammad Rahim?
2. A la vista de que una de ellas envió un escrito a la Fiscalía General del Estado en agosto de 2024, ¿por qué el Gobierno no actuó de inmediato? ¿Son concededores de



que la Fiscalía Provincial de Madrid archivó el pasado mes de septiembre una denuncia por abusos sexuales a una mujer afgana alegando inmunidad diplomática?

3. ¿Por qué se concede inmunidad diplomática al embajador de un régimen talibán con el que el Gobierno español teóricamente no mantiene relaciones diplomáticas?
4. ¿Cómo se explican que no se haya eliminado antes de la lista oficial del cuerpo diplomático? ¿No resulta todo ello contradictorio con el anuncio del Ministro de Asuntos Exteriores de que la Fiscalía de la Corte Penal Internacional investigará los crímenes contra las mujeres y las niñas cometidos por el régimen talibán desde que llegó al poder?
5. ¿Cuál es la posición oficial del Gobierno estatal respecto al régimen actual en Afganistán?
6. ¿Cuál es la situación actual de Mohammad Rahim? ¿Sigue detenido en los EE.UU.? ¿Va a ser investigado por abuso sexual y corrupción?
7. ¿Qué medidas se adoptarán en relación con los actuales representantes del régimen talibán en la Embajada de Afganistán? ¿Son conocedores de que siguen surgiendo denuncias y quejas de personas refugiadas en relación con abusos y corrupción?

Madrid, a 20 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 ABR. 2025 22:10:37

Entrada **65662**

Sobre as acusacións de corrupción e abusos por parte do embaixador afgán e a retirada de inmunidade

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás acusacións de abusos sexuais e corrupción do embaixador do réxime talibán de Afganistán no Estado español.**

Nunha reunión de finais de xaneiro deste ano, asociacións e colectivos de refuxiados de Afganistán solicitaron ao Ministerio de Asuntos Exteriores que procedese a retirar a inmunidade diplomática ao representante da Embaixada de Afganistán no Estado español, representante do réxime talibán, Mohammad Rahim Peerzada, para que se procedese á apertura dunha investigación polas denuncias de abusos sexuais e corrupción.

Sobre Mohammad Rahim Peerzada pesan acusacións de mulleres afgás refuxiadas por delitos sexuais e tamén por prácticas corruptas ao ser sospeitoso de desviar a contas particulares os ingresos que cobra a embaixada pola realización de trámites burocráticos. A súa inmunidade diplomática protexeulle de toda investigación, a pesar de que hai tempo que se lle debía retirar a inmunidade diplomática.

En febreiro de 2021 este señor foi nomeado conselleiro na Embaixada situada en Madrid, meses antes de que os talibán destituísen ao Goberno de Ghani e instaurasen un Estado talibán. O entón Embaixador marchouse e esta persoa converteuse de facto no representante máximo da Embaixada baixo o réxime talibán.



En agosto de 2024, unha moza afgá remitiu un correo á Fiscalía Xeral do Estado no que informaba da agresión sexual con submisión química á que fora sometida por parte da persoa identificada como Embaixador de Afganistán. Non foi a única, hai testemuños doutras mulleres que denuncian feitos similares. Non serviu de nada porque en setembro do ano pasado a Fiscalía Provincial de Madrid arquivou a denuncia ao comprobar a policía xudicial que Mohammad Rahim Peerzada estaba acreditado como conselleiro da Embaixada de Afganistán e tiña, por tanto, inmunidade diplomática.

Por fin e tras a presión mediática e da asociacións de persoas refuxiadas afgás, o 22 de marzo o Ministerio de Asuntos Exteriores actualizou a súa listaxe oficial do corpo diplomático, suprimindo o nome do representante do réxime talibán que até o 22 de marzo figuraba como embaixador extraordinario e plenipotenciario de Afganistán. A principios deste mes de abril coñecía-se que Rahim fora detido nos EUA pola despois da vinculación co intento de asasinato dunha periodista.

Teoricamente, o Goberno español non mantén relacións diplomáticas co Estado talibán. De feito nun acto recente o propio Ministro de Asuntos Exteriores anunciaba que o Estado español, xunto a outros países, pedirá á Fiscalía da Corte Penal Internacional que se investiguen os crimes contras as mulleres e as nenas que cometeu o réxime talibán desde que está no poder.

Neste caso, os feitos constatan que a reacción do Goberno español foi tardía e tépeda. De reaccionar antes, a denuncia presentada por unha das mulleres podía ter seguido o seu curso. Resulta paradoxal que mulleres afgás que foxen dun réxime opresor, machista, que anula os seus dereitos e sométeas a todo tipo de vexacións, se atopen con este tipo de situacións no Estado en que conseguiron asilo como refuxiadas.

Tamén é criticábel a postura ambigua que se mantén respecto ao Estado talibán, así constituído desde agosto de 2021, que vulnera constantemente os dereitos humanos pois, aínda que o Goberno fixo público que “segue sen considerar o recoñecemento do réxime talibán” o certo é que a súa Embaixada segue operando en territorio español, exixindo ás persoas refuxiadas a



relacionarse cos seus representantes e ocupan, así mesmo, unha longa carteira de Embaixadas en Estados da UE.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao dirixidas ao Goberno:

1. Que información pode aportar o Goberno sobre as acusacións de corrupción e de abusos sexuais a mulleres afgás refuxiadas no Estado español por parte do até agora Embaixador do réxime talibán de Afganistán, Mohammad Rahim?
2. Dado que unha delas enviou un escrito á Fiscalía Xeral do Estado en agosto de 2024, por que non actuou o Goberno de inmediato? É consciente de que a Fiscalía Provincial de Madrid archivou unha denuncia por abusos sexuais dunha moza afgá en setembro pasado atendendo á inmunidade diplomática?
3. Por que se recoñece inmunidade diplomática ao embaixador dun réxime talibán co que teoricamente o Goberno español non mantén relacións diplomáticas?
4. Como se explica que non se lle tivese retirado antes da listaxe oficial do corpo diplomático? Non resulta contradictorio co anuncio do Ministro de Asuntos Exteriores de que a Fiscalía da Corte Penal Internacional investigue os crimes contra as mulleres e as nenas que cometeu o réxime talibán desde que está no poder?
5. Cal é a posición oficial do Goberno do Estado en relación ao actual réxime de Afganistán?
6. Cal é a situación actual de Mohammad Rahim? Segue detido nos EUA? Vai ser investigado por abusos sexuais e corrupción?



7. Que medidas adoptará en relación aos actuais representantes do réxime talibán na Embaixada de Afganistán? É consciente de que as denuncias e queixas das persoas refuxiadas en relación a abusos e corrupción continúan?

Madrid, a 20 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso